



C.D. UNIÓN
Escola de Fútbol Base



FICHA INSCRIPCIÓN TEMPADA 2021/22

Categorías: Prebenxamíns, Benxamíns, Alevíns, Infantís e Cadetes

DEPORTISTA			
Apelidos			
Nome		DNI	
Data nacemento		Categoría	

RESPONSABLE			
<i>IMPORTANTE: Para formalizar a inscrición do xogador na Escola de Fútbol Base o responsable debe estar ao corrente de pago do seu carné para a tempada actual.</i>			
Apelidos			
Nome		DNI	
Enderezo			
Concello			
Teléfono móbil		Nº socio	

MÉTODO DE PAGO

O responsable deberá recoller nas oficinas do club o carné de socio. 50 euros por tempada. O custe do fútbol base será de 10 euros ó mes por xogador/a, cun máximo de 10 meses de pago. Esta cantidade incrementárase nun 50% por cada xogador de mais da mesma familia.

O pago do fútbol base farase mediante domiciliación bancaria, para elo cubrirase o formulario que se xunta.

AUTORIZACIÓNS (Marcar o que corresponda)

☐	Autorizo ao C.D. Unión a obter/usar fotografías no transcurso das actividades organizadas polo club.
☐	Autorizo ao C.D. Unión a comunicarse comigo a través de SMS ou servizos de mensaxería (Whatsapp, Telegram,...)

CONDICIÓNS PARA A INSCRIPCIÓN DE XOGADORES

Coa sinatura ao pé deste escrito a persoa responsable do xogador inscrito na Escola de Fútbol Base do club CD Unión recoñece entender e aceptar todas as condicións que o club establece para a participación nas súas actividades.

1. O obxectivo da Escola de Fútbol Base C.D. Unión será fomentar á actividade deportiva do fútbol, inculcando nos xogadores/as actitudes e valores de respecto, competitividade san e espírito de colaboración.
2. Nas categorías integradas por xogadores/as de menor idade primárase a participación sobre a competitividade.
3. Os/as xogadores/as deberán amosar actitudes de respecto cara o club, os seus compañeiros/as, adestradores, persoal do club, árbitros, xogadores e persoal de equipos contrarios. O incumprimento deste punto implicará a imposición de sancións que poderán chegar á perda do dereito a adestrarse ou participar nas competicións en que o club figure inscrito.
4. Os/as responsables dos xogadores/as e os seus familiares amosarán durante adestramentos e competicións o debido respecto cara xogadores, adestradores, árbitros, persoal do club e equipos contrarios. O incumprimento deste punto poderá implicar a prohibición para a persoa infractora de acudir a adestramentos ou competicións nas que o club figure inscrito.
5. A negativa dun xogador/a a participar en torneos ou competicións representando ao club será considerado incumprimento do estipulado no punto 3.
6. O incumprimento reiterado do establecido nos puntos 3 e 4 poderá supoñer a expulsión do xogador/a da escola de fútbol base. Neste suposto cancelárase a domiciliación bancaria do pago das cotas. Non procederá, en ningún caso, a devolución do importe correspondente á cota de socio do responsable do xogador e cotas aboadas con anterioridade. O C.D. Unión reservárase o dereito a exercer ante os órganos competentes, deportivos e xudiciais, cantas accións considere oportunas en defensa dos intereses do propio club e do seu persoal.
7. A convocatoria ocasional dun xogador da categoría xuvenil para adestrar e competir co primeiro equipo non implicará, necesariamente, a percepción das compensacións económicas que estean establecidas para os xogadores do primeiro equipo en virtude dos resultados obtidos.
8. O C.D. Unión, en beneficio do agrupamento familiar, subvencionará ás familias que inscriban a máis dun xogador na súa escola de fútbol base establecendo unha rebaixa do 50% nas cotas do segundo e posteriores xogadores que pertencen á mesma familia. Esta medida non será aplicada cando conste que algún dos xogadores desa familia forma parte das categorías base de calquera outro club. Esta medida quedará en suspenso para sempre no momento en que un xogador desa familia fiche por outro club.
9. O atraso inxustificable no pago das cotas poderá supoñer a suspensión temporal da participación do xogador nas competicións nas que o club figure inscrito ata que os importes correspondentes sexan abonados ao club.

No respectivo ós protocolos Covid-19:

Tódolos xogadores/as e familiares adaptaranse ós distintos protocolos que en cada momento se establezan e dos cales se dará coñecemento puntualmente.

Tratamos a información que nos facilita co fin de prestarlles o servizo solicitado e realizala facturación do mesmo. Os datos proporcionados conservaranse mentres o/a xogadora forme parte da escola de fútbol base do C.D. Unión, ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais.

Os datos non se cederán a terceiros salvo nos casos que exista unha obriga legal.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre si o C.D. Unión estamos tratando os seus datos persoais, por tanto, ten dereito a acceder ós seus datos persoais, rectificarlos datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios.

Asados (Rianxo), a ____ de _____ de 202__

O/a responsable do xogador/a,

O xogador/a

Sinatura

Nome e apelidos:

Nome e apelidos:

Se fose preciso, solicitarase 1 fotografía e copias DNIs xogador e responsable.